

A LIÑA

Definimos a **liña** como o rastro que deixa un punto ao moverse ou como unha sucesión infinita de puntos que poden cambiar ou non de dirección.

A liña pode xenerar **formas planas** fundamentalmente de dúas maneiras: *como liña de peche ou contorno* de diferentes figuras (Fig. 1) ou creando planos polas *diferentes distribucións e organizacións das liñas* (Fig. 2).




Fig. 1: A liña de contorno pecha partes do plano e crea formas bidimensionais.

Fig. 2: Determinadas organizacións de liñas tamén dan lugar a formas planas.




Fig. 3: As agrupacións de liñas en zonas de sombra e a separación en zonas luminosas imitan o efecto da luz nos corpos e producen sensación de volume no plano.


As liñas tamén poden producir **efectos volumétricos**. Os cambios de tonalidade que produce a luz ao incidir sobre os corpos pode expresarse no plano mediante a *aplicación de diferentes espesores e separacións de liñas*. A máxima expresión volumétrica conséguese con liñas grosas e xuntas nas zonas de sombra intensa; e finas e separadas, onde hai maior intensidade de luz (Fig. 3).

PRÁCTICAS SOBRE A LIÑA

A continuación tedes os dous exemplos que vos guiarán para realizar as prácticas propostas:



Práctica: A liña e a cor.



Práctica: A liña expresiva.